

ACORDO 1/2013 DA XCCA-GALICIA SOBRE O USO DAS LINGUAS OFICIAIS NOS PROCEDEMENTOS DE CONTRATACIÓN.

INTRODUCCIÓN

Os artigos 2.j) da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega e 7 da lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, sinalan que na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu sector público dependente e nas entidades locais de Galicia, promoverase o uso do galego escrito nas relacións coa cidadanía. A isto engade a norma autonómica que este principio de actuación exercitarase *“sen perxuízo do dereito de non discriminación por razóns da lingua”*.

Referíndonos ao ámbito da contratación pública, os principios xerais de libre acceso ás licitacións, de publicidade e transparencia dos procedementos e de non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos esixen, no marco normativo definido polo dereito comunitario no Tratado e nas Directivas, unha correcta difusión das actividades contractuais que, en referencia ao idioma utilizado, non provoquen limitación algunha deses principios.

Outro exemplo de normativa a ter en conta nesta materia atopámolo na Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, que no seu artigo 36 sinala o réxime lingüístico dos procedementos nos territorios con linguas cooficiais e a lingua dos documentos que deban surtir efectos fora do territorio das Comunidades Autónomas que, como a nosa, teñen lingua propia.

Ademais, deben terse en consideración outras normas de ámbito autonómico que, vinculadas a políticas xerais de accesibilidade en referencia as novas tecnoloxías, esixen o bilingüismo nas webs e plataformas de Internet o que afecta, por exemplo, á información contractual visible a través da Plataforma de contratos de Galicia, dos perfís do contratante e aos sistemas de licitación electrónica.

Todo o anterior aconsella lembrar as normas de obrigado cumprimento no uso das linguas oficiais nos procedementos de contratación, e motivou que a Comisión Permanente da Xunta Consultiva de contratación administrativa, na sesión celebrada con data 7 de febreiro de 2013, aprobara, por unanimidade, o seguinte Acordo:

ACORDO 1/2013 SOBRE O USO DAS LINGUAS OFICIAIS NOS PROCEDIMENTOS DE CONTRATACIÓN

1º.- O USO DOS IDIOMAS OFICIAIS DA UNIÓN EUROPEA NOS EXPEDIENTES CON PUBLICIDADE COMUNITARIA

1.- O artigo 36 da **Directiva 2004/18/CE, de coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, subministración e servizos**, regula a redacción e modalidades de publicación dos anuncios de licitación, sinalando no seu parágrafo 4, respecto aos idiomas de publicación, o seguinte:

36.4. Os anuncios de licitación publicaranse en toda a súa extensión **nunha lingua oficial da Comunidade a elección do poder adxudicador**, e **ese texto publicado na devandita lingua orixinal será o único auténtico**. Nas demais linguas publicarase un resumo dos puntos importantes de cada anuncio.

Respecto as linguas oficiais da UE, reguladas no Regulamento 1/1958, cabe significar que, se ben en decembro de 2004 o Goberno español solicitou ao Consello da Unión Europea que concedera ás linguas cooficiais en España -galego, euskera e catalán/valenciano- o estatuto de lingua oficial da UE, tal requirimento foi rexeitado e polo tanto, de momento, o galego non é lingua oficial da UE, o que esixe concretar os efectos que tal circunstancia produce no ámbito da contratación pública e, concretamente nos expedientes con publicidade comunitaria.

2.- Constátase na nosa Comunidade Autónoma que, en cumprimento do parágrafo 4 do artigo 36 da Directiva 2004/18/CE é práctica habitual nas administracións galegas que os anuncios se envíen á Oficina de publicacións do DOUE nunha lingua oficial da Unión, xeralmente utilizando o idioma castelán. Non obstante o anterior observase que non acontece o mesmo cos pregos que rexen a contratacións téndose detectado que, en moitos casos, só están dispoñibles aos licitadores en lingua galega.

Aínda que dunha interpretación literal da normativa reguladora do contido dos anuncios -*Regulamento de Execución (UE) n.º 842/2011*- poderíase entender que os pregos non forman parte do anuncio de licitación

ao non estar expresamente previsto en ningún dos apartados do formulario normalizado recollido no Anexo II do Regulamento, non é esa a interpretación da Comisión Europea que considera que os pregos contractuais si forman parte integrante do anuncio considerado "*en toda a súa extensión*".

Así, apelando ao **artigo 2** da **Directiva 2004/18/CE sobre coordinación de los procedimientos de adjudicación de los contratos públicos de obras, de suministro y de servicios**, -segundo o que *os poderes adjudicadores darán aos operadores económicos un tratamento igualitario e non discriminatorio e obrarán con transparencia*-, a Comisión interpreta que a discriminación entre licitadores se produce xa dende o momento en que os pregos da licitación están dispoñibles só nunha lingua non oficial na UE e argumenta que só á vista dos pregos pode o licitador potencialmente interesado formular unha oferta coas garantías suficientes de posuír a información correcta. Engade a Comisión que, por razóns obvias de carácter técnico (a extensión do texto e o seu volume), os pregos non poden publicarse integramente no DOUE, pero que esta carencia se suple coa publicación da referencia de "onde" e "como" consultalos (ou do vínculo para o seu acceso electrónico), polo que, considerados como complemento da información do anuncio, tamén deben ser facilitados nunha lingua oficial da UE.

Entende tamén a Comisión que a práctica de facilitar os pregos nun idioma comunitario só tras solicitalo así un licitador, conculca igualmente o mesmo principio de igualdade de trato entre licitadores e o citado artigo 36 da Directiva 2004/18/EC na medida que o licitador non dispón entón do mesmo prazo para estudar e formular a súa oferta que aquel que entende e usa a lingua non oficial que xa dispón dos pregos dende o primeiro momento da súa publicación.

3.- Considerando o anterior, e sen esquecer que, segundo a normativa vixente, na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e nas entidades locais de Galicia se usará normalmente o galego escrito nas relacións coa cidadanía, **recoméndase aos órganos de contratación do sector público que os pregos dos expedientes de contratación suxeitos a publicidade comunitaria sexan redactados, ademais de en idioma galego, nun idioma oficial da UE e que sexa esa a versión facilitada á Oficina de publicacións do DOUE, ben directamente, ben a través do vínculo para o seu aceso electrónico.**

2º.- PUBLICACIÓN DE DOCUMENTOS EN INTERNET A TRAVÉS DA PLATAFORMA DE CONTRATOS PÚBLICOS DE GALICIA (PCG) E DOS PERFÍS DO CONTRATANTE DE CADA ÓRGANO.

En materia de contratación, a Comunidade Autónoma de Galicia está a realizar un gran esforzo para garantir e reforzar os principios de transparencia e igualdade de trato dos licitadores. Xa antes da existencia das plataformas de contratación creadas na Lei 30/2007 de contratos do sector público (LCSP), coa Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública galega, obrigábase, no seu artigo 10, a facilitar o acceso á información en materia de contratación a través de internet, o que se realizaba a través do SILEX (Sistema de información e licitación electrónica da Xunta) como sistema precursor da Plataforma de contratos de Galicia.

Adaptando o sistema de publicidade ao previsto na LCSP, no *Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, que regula a factura electrónica e a utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos en materia de contratación pública*, creouse a actual Plataforma de Contratos Públicos de Galicia (desenvolvida na Orde de 4 de xuño de 2010). Nela se poden consultar todos os datos recollidos nos perfís do contratante dos poderes adxudicadores do sector público autonómico galego (e os das entidades locais adscritas) e o seu obxecto fundamental é o de facilitar por internet toda a información precisa sobre a contratación que a normativa esixe: pregos, prazos de presentación de ofertas, direccións e horarios de rexistros, convocatorias, resolucións de adxudicación, datos de contacto, etc.

Seguindo esta liña pode citarse tamén o *Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes* e, pola súa relevancia no tema que nos ocupa, o ***Decreto 201/2011, do 13 de outubro, polo que se regula a presenza da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia en internet***, pois dispón especificamente no seu artigo 7 (cumprindo o disposto na Disposición Adicional sexta da Lei estatal 11/2007, de Acceso Electrónico dos Cidadáns aos Servizos Públicos, relativa ao uso das linguas oficiais) o seguinte:

"1. As entidades incluídas no ámbito de aplicación do presente decreto garantirán á cidadanía o exercicio dos dereitos lingüísticos recoñecidos nas leis e, en particular, os referidos ao uso do

galego na Administración pública. Para tal efecto, adoptaranse as medidas necesarias dirixidas a facer efectivo o exercicio de tales dereitos.

*2. Os contidos e servizos publicaranse, **polo menos, en galego e castelán**, sen perxuízo da inclusión noutras linguas de contidos e servizos que se consideren de interese,".*

En desenvolvemento deste Decreto, a Administración autonómica elaborou a Guía de políticas Web "*de obrigado cumprimento para todos os portais web, contidos ou servizos web sociais e participativos integrados na Rede de portais da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia*" (artigo 13.4), que contén un documento "**Políticas de uso das versións multiidioma dos contidos**" respecto do que podemos destacar os seguintes extremos:

"5.1 Directrices

Directriz 1 - Ofrecer os contidos en galego e en castelán:

Todos os contidos e servizos publicados en internet nun portal da Xunta deberán publicarse nos dous idiomas oficiais: galego e castelán.

Directriz 3 - Respecto do uso da cabeceira para ofrecer as opcións de intercambio de idioma:

Os portais deben proporcionar, na súa cabeceira, de forma permanente e no seu espazo dereito, as opcións necesarias para intercambiar as versións dos contidos dun e outro idioma. Tamén deben mostrar claramente cal é o idioma activo e cales as opcións que dispón o usuario".

É indiscutible que estas previsións aplícanse á Plataforma de contratos públicos de Galicia (PCG) e a cada un dos perfís do contratante dos distintos poderes adxudicadores que integran o sector público autonómico de tal xeito que **todos os documentos que se faciliten a través das devanditas páxinas deben achegarse en ambos idiomas e visibilizarse na versión idiomática de elección** (*art.º 24 Decreto 201/2011, artigo 6 Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, e Guía de políticas Web no seu documento "Políticas sobre a publicación de contidos ao abeiro da Lei de Transparencia"*).

3º.- DEREITOS LINGÜÍSTICOS NA EMISIÓN DE CERTIFICADOS.

Outro tema relacionado coa utilización dos idiomas en documentos de contratación abordouse no seo da Xunta Consultiva de contratación administrativa de Galicia polos membros representantes dos colectivos empresariais nela representados. En concreto aludían á problemática xurdida co uso do galego en documentos contractuais con efectos legais fóra da Comunidade Autónoma. A proposta partía da concreta reclamación de empresas que, presentando certificados de boa execución a os efectos de acreditar a súa solvencia técnica en licitacións territorializadas fóra da Comunidade Autónoma de Galicia (art.º 36 Texto Refundido da Lei de contratos do sector público TRLCSP), observaban como non eran tomadas en consideración por non estar redactadas en castelán.

Ante situacións como estas é necesario recordar os dereitos lingüísticos que recoñece a lexislación xeral nas relacións entre a administración pública e os cidadáns, e máis concretamente, -circunscrito ao ámbito da contratación pública-, entre os órgano de contratación do sector público e os seus licitadores e adxudicatarios.

Como resulta sabido, segundo se dispón no art.º 3 da Constitución española, o castelán é a lingua española oficial do Estado e as demais linguas españolas, entre elas o galego, serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos de Autonomía.

O noso Estatuto de Autonomía de Galicia pronúnciase ao respecto no seu artigo 5:

- 1. A lingua propia de Galicia é o galego.*
- 2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.*
- 3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán a utilización do galego en todas as ordes da vida pública, cultural e informativa, e dispoñerán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.*
- 4. Ninguén poderá ser discriminado por razón da lingua.*

Xa no ámbito da actividade administrativa, o art.º 35d) da *Lei 30/1992 de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común* (LRXAP), considera o dereito "a utilizar as linguas oficiais no territorio da súa Comunidade Autónoma de acordo co previsto na Lei e no resto do ordenamento xurídico".

O artigo 36 da LRXAP que leva por título "*Lingua dos procedementos*", desenvolve máis amplamente o citado dereito e considera dúas situacións diferentes segundo os procedementos sexan tramitados pola Administración Xeral do Estado, ou polas Administracións das Comunidades Autónomas e as Entidades Locais.

No suposto que nos afecta, -os procedementos tramitados polas Administracións das Comunidades Autónomas e polas entidades locais galegas-, indícase que o uso da lingua "**se axustará ao previsto na lexislación autonómica correspondente**" aínda que, -puntualiza expresamente a lei-, "**a Administración pública instrutora deberá traducir ao castelán os documentos, expedientes ou partes dos mesmos que deban facer efecto fóra do territorio da Comunidade Autónoma e os documentos dirixidos aos interesados que así o soliciten expresamente**" (art.º 36.3 LRXAP).

Os certificados de boa execución das empresas adxudicatarias, tanto aos efectos de acreditar a súa solvencia técnica en licitacións convocadas fóra do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (art.º 36 TRLCSP) como para a obtención da clasificación ante as Comisións Clasificadoras da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado o doutras Comunidades autónomas (art.º 67 a 70 TRLCSP)- son un bo exemplo do tipo dos documentos a que fai referencia o citado artigo 36.3 LRXAP e, dado que, segundo a normativa vixente, e como xa se indicou anteriormente, na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e nas entidades locais de Galicia usarase normalmente o galego escrito nas relacións coa cidadanía, é conveniente recomendar unha boa praxis na expedición deste e outros certificados emitidos no seo de procedementos de contratacións, de xeito que, **quen desexe que eses documentos produzan tamén efectos fóra da Comunidade Autónoma ou que sexan emitidos en castelán deberá expresalo así na solicitude, recaendo nas unidades tramitadoras a correlativa obriga de atender a devandita petición.**

CONCLUSIÓNS

1º.- Respecto aos procedementos nos que a normativa contractual esixa publicidade comunitaria terase en consideración a interpretación extensiva do concepto de anuncio da Comisión Europea ao entender esta que os pregos dun procedemento forman parte do anuncio e, como tal deben ser facilitados, dende un principio, nun dos idiomas oficiais da UE tal e como dispón o artigo 36.4 da Directiva 2004/18/CE, de coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, subministración e servizos.

2º.- En virtude do disposto no artigo 7 do Decreto 201/2011, de 13 de outubro, polo que se regula a presenza da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia en internet, e do artigo 13.4 da Guía de políticas Web, de obrigado cumprimento para todos os portais web, contidos ou servizos web sociais e participativos integrados na Rede de portais da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os contidos que se publiquen nos perfís de contratante e/ou na Plataforma de contratos públicos de Galicia (PCG) facilitaranse en galego e castelán, sen perxuízo da inclusión noutras linguas de contidos e servizos que se consideren de interese.

3º.- Se ben nas relacións cos interesados dun procedemento contractual usarase normalmente o galego escrito, en atención ao disposto no artigo 36.3 da Lei 30/1992, do 28 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, é conveniente recomendar unha boa praxe na expedición de certificados de maneira que, quen desexa que eses documentos produzan tamén efectos fóra da Comunidade Autónoma ou que sexan emitidos en castelán deberá expresalo así na solicitude, recaendo nas unidades tramitadoras a obriga de atender a devandita petición.

En Santiago de Compostela, a 7 de febreiro de 2013